

# VIII Concurso de microrrelatos e micropoemas

## Centros educativos da Estrada

### Participación e prazos

Poden participar alumnos e alumnas dos centros educativos do concello da Estrada: CEIP Pérez Viondi, CEIP Cabada Vázquez, CPR Plurilingüe N. S. de Lourdes, CEIP Plurilingüe de Oca, CEIP do Foxo, CEIP Figueiroa, CEIP Manuel Villar Paramá, IES Nº 1, IES Manuel García Barros e IES Plurilingüe Antón Losada Diéguez.

Os traballos entregaranse, en formato A4 nun sobre con nome, apelidos e curso, nos centros respectivos. O prazo límite para entregar os textos será o 26 de febreiro de 2021.

### Modalidades

Poderase participar nunha modalidade ou nas dúas, pero cada participante só poderá presentar un texto por cada unha delas.

#### Microrrelatos

O texto presentado debe estar en galego e non conter máis de 100 palabras.

A temática será libre, pero debe aparecer necesariamente a palabra **CABALOS**.

#### Micropoemas

O texto presentado debe estar en galego e constar dun mínimo de dous versos e máximo de oito en Primaria, e un mínimo de catro versos e máximo de oito en Secundaria, Ciclos Formativos e Bacharelato.

A temática será libre, pero debe aparecer necesariamente a palabra **LINDO**.

### Categorías

**A:** Educación Primaria

**A1:** 1º e 2º

**A2:** 3º e 4º

**A3:** 5º e 6º

**B:** Educación Secundaria

**B1:** 1º e 2º

**B2:** 3º, 4º, FP Básica e

Ciclos Medios

**C:** Bacharelato e Ciclos

Superiores

### Premios

Un xurado, formado por un/unha representante dos Equipos de Dinamización Lingüística dos diferentes centros, concederá un premio por modalidade, categoría e centro. Valorarase a creatividade, a orixinalidade e calidade lingüística e literaria. Os traballos premiados poderán ser publicados pola entidade organizadora e poderán publicarse tamén nas páxinas web dos centros e nas revistas escolares.